

A programación das Radios Municipais Galegas

[Actualidade](#) > Ficha da nova

Ficha da nova

[Enviar comentario](#)

Fene vólcase no Día de Rosalía

O Concello de Fene- A Coruña- o seu movemento asociativo e as comunidades educativas dos centros de ensino, súmanse ao chamamento da Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega para homenaxear á autora de Cantares Gallegos. A conmemoración do 'Día de Rosalía', recollida oficialmente pola Consellería de Cultura e Educación no seu Calendario do Libro e da Lectura, ten este ano unha especial relevancia ao se cumprir o 150 aniversario da publicación de Cantares Gallegos, o primeiro libro íntegro monolingüe do renacemento da nosa literatura culta.



Fene propón agasallar cun libro e unha flor o domingo

[Sociedade](#) • 19/02/2013 • Autor: Redacción

A obra de Rosalía é un retrato do pobo galego e goza dunha total actualidade. Desde o século XIX Rosalía de Castro foi homenaxeada polas galegas e os galegos como poeta nacional. A galegitude intrínseca dos seus textos, a súa comunicación e entendemento permanente co seu pobo, ao se dirixir a el no seu idioma propio, foi o que a fixo tamén poeta de todos os pobos, chegando a formar parte da nómina de escritoras máis destacadas da literatura universal de todos os tempos.

Por estes motivos, o Concello de Fene fixo un chamamento á comunidade educativa e ao movemento asociativo para levar a cabo diferentes iniciativas conducentes a proxectar a figura e obra rosaliana entre o conxunto da poboación. A resultas deste chamamento, terán lugar as actividades que se relación de seguido:

Venres, 22 de febreiro, ás 12:00 h nos CEIP de Centieiras, Os Casais e O Ramo; no CPI A Xunqueira; no IES de Fene e no Colexio "Jorge Juan" alumnado e comunidade educativa procederá á lectura simultánea de poemas de Cantares Gallegos.

Sábado, 23 de febreiro, ás 19:00 h. no salón de sesións da Casa do Concello, o Alcalde de Fene; os/as voceiros/as dos grupos municipais do PP, PSdG-PSOE, BNG e EU e representantes do CPS de San Valentín, CCRD de Perlío, CMI Unidade de Fene, CPS Liga de Amigos de Barallobre, ACDR O Pote de Maniños; AA.VV de Limodre, SCRDR Agarimo de Sillobre, A.VV de Magalofes e Banda de

Gaitas Tradicional 'Airiños de Fene' procederán á lectura de poemas de Cantares Gallegos. O acto rematará coa interpretación de "Negra sombra" a cargo da Coral Polifónica da SCR D Agarimo de Silobre.

Asemade, na Biblioteca Pública Municipal expoñeranse exemplares de/sobre a obra de Rosalía de Castro e procederase á liberación de fondos bibliográficos en galego.

Seguindo as propostas da AELG, convidarase á veciñanza de Fene a agasallar o día 24 de febreiro, data de nacemento de Rosalía, un libro galego e unha flor.

< VOLTAR